

Máis de 15 quilómetros de asfaltados e aglomerados tras rematar o POS 17

O Concello de Boqueixón vén de completar as obras incluídas dentro do POS 2017, coa finalización do proxecto *Camiño de Deseiro de Arriba á Susana e outros*. Os proxectos realizados dentro deste plan provincial, por un importe total de 371.000 euros, posibilitaron a habilitación de máis de 15 quilómetros de asfaltados e aglomerados nas distintas parroquias.

“Unhas actuacións que redundarán na mellora das nosas infraestruturas viarias e que se completarán con outros proxectos que vimos de aprobar na Xunta de Goberno Local”, explicou o alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín. Así, aprobouse o proxecto do POS Complementario 2017, que conta cun orzamento de licitación de preto de 70.000 euros.

Este proxecto comprenderá o arranxo dos camiños do Cruce de Vigo a Melón de Abaixo e o Camiño de A Eirexe. No primeiro caso, prevese a mellora da capa de rodaxe con 5 centímetros de aglomerado nunha lonxitude de preto dun quilómetro desta pista. A obra completárase coa habilitación da pertinente sinalización horizontal, con pintado de liñas en bordes.

No caso do camiño de A Eirexe, mellorarase a capa de rodaxe en dous treitos, de 35 e 150 metros, respectivamente. No primeiro deles, aplicaranse 15 centímetros de formigón, previo acondicionamento, nivelación e rasanteo da explanación, e no segundo, 12 centímetros de grava e posterior capa de triple tratamento asfáltico.

Tamén na Xunta de Go-



Manuel Fernández Munín, dereita, durante a súa visita a unha das actuacións

verno Local se aprobou a licitación do Plan de Melloira de Camiños Municipais 2018-2019 subvencionado polo AGADER. Neste caso, realizaranse melloras na pista do pavillón de Lestedo á Estrada Vella por Milleirós e na pista de Mareque cara a AC-960. O orzamento de licitación é de máis de 57.000 euros. Este proxecto permitirá a aplica-

ción dunha capa de 5 centímetros de aglomerado en 700 metros da pista do pavillón de Lestedo á Estrada Vella. Na pista de Milleirós aplicarase un tratamento asfático superficial e rego de selado a toda a plataforma, previa reparación de baches, para despois aplicar un tratamento asfáltico semiprofundo a preto de 500 metros de calzada.

Melloraranse os equipamentos deportivos de Cachosenande

A Xunta de Goberno Local de Boqueixón deu luz verde ás melloras nos equipamentos deportivos de Cachosenande. Esta actuación, que conta cun orzamento duns 50.000 €, “é posible grazas a un convenio coa Secretaría Xeral para o Deporte e permitíranos mellorar unhas instalacións deportivas moi utilizadas pola veciñanza”,

indicou o alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín.

O proxecto contempla melloras tanto no pavillón polideportivo como na pista descuberta. En ambas instalacións realizarase a marcaxe das pistas deportivas para baloncesto, balonmán-fútbol e tenis.

Dentro do pavillón reallízarase, ademais, a des-

montaxe do taboleiro que se localiza no fondo oeste e nas bancadas por atoparse en mal estado de conservación. Ademais, substituíranse os motores para a elevación das canastras de baloncesto colgadas e a instalación de catro billames de ducha.

Na pista descuberta, levarase a cabo a instalación de 2 porterías regulamen-

tarias antivandálicas de fútbol sala, así como un xogo de postes de tenis e unha canastra superior con estrutura central. O equipamento deportivo completárase cun xogo de dúas redes para as porterías e para a canastra e cunha rede de tenis.

O prazo de execución das obras en Cachosenande é de dous meses.



Un intre da visita das autoridades ás participantes neste programa que se está a desenvolver no local social de Lestedo

Boqueixón colabora co programa 'Mergúllate' que realiza ACADAR

O departamento de Servizos Sociais e o Centro de Información á Muller (CIM) do Concello de Boqueixón colaboran no desenvolvemento do Programa *Mergúllate*. Esta iniciativa, cofinanciada pola Secretaría Xeral de Igualdade e o Fondo Social Europeo, está organizada pola Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR).

A secretaria xeral de Igualdade, Susana López

Abella, realizou unha visita ás participantes neste programa. O alcalde, Manuel Fernández Munín; o delegado territorial da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro, e mais a concelleira boqueixanesa de Servizos Sociais e Igualdade, Ana María Seijo, acompañaron á López Abella no seu encontro coas participantes, no que tamén participaron a directora do CIM boqueixanés, Cristina Carbajales, e mais a educadora

familiar boqueixanesa, María Pereira.

O programa *Mergúllate* conta coa participación de oito mulleres con discapacidade da zona, que acuden todos os luns deste verán a uns obradoiros que se desenvolven Centro Socio Cultural de Lestedo. O seu obxectivo é ofrecer un servizo de atención especializada e específica. As sesións están a dar resultados positivos nas participantes.

O Concello aproba a ordenanza de axudas dirixidas a emerxencia social

O Pleno aprobou por unanimidade a ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social do Concello de Boqueixón. Este regulamento pretende, como se explica no propio documento, "garantir á cidadanía a cobertura das necesidades básicas" e está destinado a persoas ou familias empadroadas e residentes no municipio.

Así, a nova ordenanza establece en 1.000 euros o importe máximo anual a conceder polo conxunto de axudas solicitadas, agás en circunstancias excepcionais avaliadas tecnicamente. O alcalde, Manuel Fernández Munín, valorou moi positivamente a posta en marcha desta ordenanza, xa que permitirá "dar resposta a aquelas persoas ou familias que se atopen en situacións de necesidade sobrevidas e transitorias ocasionadas por gastos de carácter extraordinario e urxentes".



Entrega de certificados B1 e B2 de inglés

Entregáronse os certificados B1 e B2 de inglés tras realizárense os exames de Oxford. A presincrición de novas matriculacións nos cursos de inglés faranse do 1 ao 15 de agosto.



Éxito do Descenso do Ulla en piraguas

Unhas 200 persoas participaron nunha nova edición do Descenso do Ulla en piraguas. O percorrido, de dez quilómetros, cruzou os tres municipios do Val do Ulla.



ACTÍVATE BQXN

ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS ADULTOS 2018/2019

Inscripcións

- No Departamento de Cultura (cultura@boqueixon.com) como mínimo 5 días antes do comezo da actividade.
- Requírese un grupo mínimo de 10 participantes/grupo e un máximo a determinar según actividade e espazo. No momento en que o grupo quede reducido a menos de 10, anularase ese grupo.
- Prazas limitadas, con preferencia de empadroados/as.
- Poderán participar menores con idades entre 15 e 18 anos, con autorización.

Duración

- De setembro de 2018 a xuño de 2019.
- O calendario será de luns a venres, agás festivos.

Pagamento

- Realizarase con carácter bimestral mediante domiciliación bancaria (agás ximnasia de maiores que será un só pago en efectivo nos primeiros quince días da actividade).
- En caso de devolución do recibo, os gastos bancarios correrán por conta do titular.
- Non se reintegrará ningún importe sen causa debidamente xustificada.

Baixas

- Deberán presentarse por escrito no Departamento de Cultura (cultura@boqueixon.com) antes do día 20 do mes anterior.

* O Concello resérvase o dereito de efectuar modificacións de lugares de actividade, instalacións, horarios, profesores..., según considere necesario.

ACTIVIDADE	LUGAR	HORARIO	CUSTO	PAZAS
Pilates-Grupo I (iniciación)	Ximnasio Municipal	Martes e xoves 19.15 h	15 €/mes	15
Pilates-Grupo II (avanzado)	Ximnasio Municipal	Martes e xoves 20.15 h	15 €/mes	15
Pilates	Ponte Ledesma	Mércores 17.30 e venres 16.30 h	15 €/mes	15
Pilates	Lestedo	Martes e xoves 21.30 h	15 €/mes	15
Zumba	Camporrapado	Luns e mércores 19.00 h	15 €/mes	20
Zumba	Ximnasio Municipal	Luns e mércores 20.15 h	15 €/mes	15
Zumba	Lestedo	Luns e mércores 21.30 h	15 €/mes	20
Zumba	Sergude	Martes e xoves 20.30 h	15 €/mes	20
Bailoterapia	Ximnasio municipal	Luns-19.00 h	10 €/mes	15
Ximnasia maiores	Sergude	Luns e mércores- 16.00 h	25 €/tempada	--
Ximnasia maiores	Lestedo	Luns e mércores - 17.00 h	25 €/tempada	--
Ximnasia maiores	Lamas	Martes - 16.00 h	15 €/tempada	--
Ximnasia maiores	Ponte Ledesma	Martes e xoves 18.00 h	25 €/tempada	--
Ximnasia maiores	Ximnasio Municipal	Martes e xoves 19.00 h	25 €/tempada	--

Poderanse solicitar novos grupos de ximnasia de maiores noutras parroquias cun mínimo de 10 participantes

Máis información Departamento de Cultura: Horario, de luns a venres de 09.00 a 14.30 horas) - 981 513 115 - cultura@boqueixon.com Departamento de Deportes: 636 731 721 deportes@boqueixon.com

Un verán cheo de actividades de lecer

O Concello de Boqueixón oferta nos meses estivais actividades de lecer para os mozos e mozas.

Así, dentro da Acción de Verán'18 estase a desenvolver o Verán Activo, no que participan máis dun cento de nenos e nenas. Unhas actividades que se compatibilizan con cursos de natación e patinaxe e que ofrecen actividades coma o espectáculo *Os outros Garabatos: Colores, Colorines*. Paralelamente, uns 80 rapaces e rapazas participaron nos campamentos de verán en Vilanova de Arousa. A oferta complementouse co campamento *Recreando*, que levou a 30 mozos e mozas a Salou e Benicarló.

Paralelamente, o Departamento de Cultura ofreceu unha sesión de *Cine na rúa*, que congregou na carballeira de Rodiño a arredor de 200 persoas. Pola súa banda, a Biblioteca Municipal de Boqueixón ofreceu unha actividade de animación á lectura con Manoele de Felisa.



O alcalde, Manuel Fernández Munín, visitou aos preto de 80 rapaces e rapaces participantes nos campamentos de verán



Participantes nos campamentos de verán, en Vilanova



O grupo de mozos e mozas que viaxaron a Benicarló e Salou



Participantes nos cursos de natación



Cativas nas clases de patinaxe



Espectáculo de humor no Forte



Actuación de Manoele de Felisa



Sesión de 'Cine na rúa' en Rodiño

AXENDA DO MES DE AGOSTO

Mércores
1

Verán Activo

O Forte

09.00 a 14.00 horas

Comezo da quenda de agosto do programa de conciliación.

Mércores
1

Campo de traballo 'Ponte cara a historia'

Boqueixón

Actividade xuvenil que comprenderá a limpeza da Ponte Ledesma e outras actuacións no municipio.

Xoves
9

Coñece Galicia: Costa da Morte

Prezo: 25 euros

Venres
10

Mañá: visita a Muxía e Fisterra.
Tarde: visita a Muros e Ézaro.
Inscripcións ata cubrir prazas.

Noite Velada

Campo do Río-Ponte Ledesma

21.30 horas

Actividade gratuíta

Actuacións de Son de Gaita, Muxicas da Silveira e Pelepau. Conxuro da Queimada. Postos de comida e bebida.

Domingo
12

Concurso Morfolóxico de Boqueixón

Carballeira de Rodiño

Dende as 09.00 horas

Entrada de balde

A Asociación de Festexos San Bieito de Sergude organiza a cuarta edición deste certame con premios aos mellores exemplares de poldras/os, cabalos e eguans.

e en setembro...

Domingo
2

Actuación Circo Chosco

Campo do Río-Ponte Ledesma

19.00 horas

Entrada de balde

Dentro do programa 'Cultura no Camiño 2018', ofrecerase o espectáculo con aéreos Forzu2.

Máis información e inscricións:

Centraliña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com